

EDUCACIÓN FÍSICA:

Estableceráse tendo en conta os criterios de avaliación establecidos, e según os seguintes porcentaxes establecidos para cada tipo de contido:

o CONTIDOS CONCEPTUAIS (30%):“SABER”. Pretenderei que o/a alumno/a coñeza os elementos máis básicos que sustentan os Cont. procedimentais. Traballos ou proba.

o CONTIDOS PROCEDIMENTAIS (40%):“SABER FACER”, dado o carácter eminentemente práctico da área supón un dos contidos a destacar, é a base para estruturaranse os demais. Efectuaranse probas prácticas evaluables o final de cada contido e tamén do día a día na clase.

o CONTIDOS ACTITUDINAIS (30%): “SABER ESTAR”: A cooperación, a implicación nas actividades e o respecto serán aspectos importantes a valorar durante as sesións. Os alumnos parten con 10 puntos, no caso de que lles faga algunha anotación negativa na planilla de observación actitudinal, estes puntos irán mermando, cada anotación suporálles un 0.25/0,5/ou 1 menos dependendo da falta. O alumno poderá ter anotacións positivas: O alumno participa activamente, colabora, crea boa dinámica de grupo, ten unha actitude positiva cara o deporte, etc . Os alumnos/as que repetidamente non teñan a vestimenta adecuada e non teñan xustificación: serán valorados negativamente(descontarse 0.25 no primeiro aviso, 0,5 no segundo, e 1 no terceiro. A partir de aquí 1 punto por día).

o CADA APARTADO DOS ANTERIORES VALÓRASE SOBRE 10 E DESPOIS FAISE A MEDIA PROPORCIONAL AO CONTIDO. No caso en que nalgún tema non se valore algún dos contidos farase a media aritmética entre os dous restantes. Por exemplo no caso de facer una coreografía e non valorar os contidos conceptuais, faría a media entre actitude e exame práctico.

o Os alumnos terán que obter un mínimo de 30% en cada apartado para facer media . Excepcionalmente poderase baixar esta porcentaxe a alumnos con dificultade grande nos contidos procedimentais e/ou conceptuais.

o Entrega de caderno de clase :teñen que anotar a parte principal da clase, e os traballos e anotacións teóricas. No caso de non facer proba teórica este caderno incluírá os contidos conceptuais. Este caderno incluírá os traballos que se encomenden e fará media coa proba teórica se se faga. Valórase os contidos e a presenza. Se o alumno/a non o entrega estará suspenso/a.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA:

MECANISMOS DE AVALIACIÓN (1º ESO)

Realizárase un exame por tema, tres por avaliación que representarán un 60% da nota.

O caderno de clase representará un 30% da nota en el deben figurar os resumos, esquemas dos temas e exercicios.

A actitude na aula representará o 10% restante.

As recuperacións das avaliacións suspensas serán por trimestre e antes da avaliación.

MECANISMOS DE AVALIACIÓN (2º,3º,4º ESO)

Realizáranse dous exames por avaliación que puntuarán de 0 a 9.

Terán preguntas curtas, de relacionar conceptos, de verdadeiro ou falso e 1 ou 2 (según os temas) nos que o alumno terá que facer unha redacción breve da resposta.

Según os temas haberá un 50% de preguntas tipo teórico e un 50% de exercicios prácticos.

As recuperacións das avaliacións suspensas serán en xaneiro, abril e xuño.

A nota da avaliación será o resultado da nota media dos exames máis as actividades feitas na aula e laboratorio.

As actividades ben feitas poderán subir ata 1 punto na nota da avaliación.

Os malos comportamentos na aula e no laboratorio baixan 0,25 por aviso, ata 1 punto.

Os negativos poderán recuperarse con positivos.

Haberá un traballo de realización en pequeno grupo que será exposto oralmente ao resto da clase, sobre un tema da actualidade relacionado coa materia e o medio ambiente.

A nota final do curso será a nota media das obtidas.

Exames con menos de 3 deberán repetirse.

FÍSICA E QUÍMICA

MECANISMOS DE AVALIACIÓN:

Realizaráanse dous exames por avaliación que puntuarán de 0 a 9.

Terán preguntas curtas, de relacionar conceptos, de verdadeiro ou falso e 1 ou 2 (según os temas) nos que o alumno terá que facer unha redacción breve da resposta.

Según os temas haberá un 50% de preguntas tipo teórico e un 50% de exercicios prácticos.

As recuperacións das avaliacións suspensas serán en xaneiro, abril e xuño.

A nota da avaliación será o resultado da nota media dos exames máis as actividades feitas na aula e laboratorio.

As actividades ben feitas poderán subir ata 1 punto na nota da avaliación.

Os malos comportamentos na aula e no laboratorio baixan 0,25 por aviso, ata 1 punto.

Os negativos poderán recuperarse con positivos.

Haberá un traballo de realización en pequeno grupo que será exposto oralmente ao resto da clase, sobre un tema da actualidade relacionado coa materia e o medio ambiente.

A nota final do curso será a nota media das obtidas.

Exames con menos de 3 deberán repetirse.

PROMOCIÓN DE HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE

Apartados de cualificación:

Coñecementos teóricos e traballos teóricos (manuscritos) e prácticos (realización e/ou exposición) Elaboracións de materiais relacionados coa materia correspondente (elaboración de enquisas, menús saudables, guía alimentarias, etc.) e traballo diario.
Respecto polas normas, os compañeiros e profesores, as instalación e materiais...etc.

Teremos dentro do proxecto unha fase de busca documental e formativa traballo teórico, unha segunda fase de análise, interpretación da documentación e discusión da mesma. A terceira comporta a elaboración das conclusións,. E a última fase sería a de divulgación o mostra a toda a clase e o centro. Isto faise por trimestre.

Os tres aspectos ademais serán avaliados de forma continua, pola observación directa do modo de traballo do alumnado na clase, e a implicación nas mesmas.

Porcentaxes:

- ✓ **50 %** Conceptos acadados (a través dos traballos manuscritos)
- ✓ **30 %** Procedementos utilizados na busca de información e resolución de obxetivos propostos.
- ✓ **20 %** Cumplimento das normas e a elaboración do diario de traballo o longo do proceso de realización do proxecto.

Para aprobar a materia será necesario enviar un traballo manuscrito de polo menos 3 páxinas ao final do trimestre

CIENCIAS APLICADAS A ACTIVIDADE PROFESIONAL

MECANISMOS DE AVALIACIÓN

A materia desenvolveranse mediante a realización de traballos por parte dos alumnos, nos cales investigarán sobre os distintos contidos a tratar durante o curso.

Os alumnos/as exporán aos compañeiros oralmente os seus traballos e valorarase o contido, a presentación e a exposición oral, con 1, 2 ou 3 puntos por apartado, segundo a calidade, ata un máximo de 9. A actitude de traballo e colaboración, tanto en traballos teóricos como prácticos, valorarase ata con un punto.

No caso de non realizar de xeito adecuado os traballos terán un examen de tipo teórico en xuño para recuperar o bloque ou bloques suspensos.

CULTURA CIENTÍFICA

MECANISMOS DE AVALIACIÓN

A materia desenvolveranse mediante a realización de traballos por parte dos alumnos, nos cales investigarán sobre os distintos contidos a tratar durante o curso.

Os alumnos/as exporán aos compañeiros oralmente os seus traballos e valorarase o contido, a presentación e a exposición oral, con 1, 2 ou 3 puntos por apartado, segundo a calidade, ata un máximo de 9. A actitude de traballo e colaboración, tanto en traballos teóricos como prácticos, valorarase ata con un punto.

No caso de non realizar de xeito adecuado os traballos terán un examen de tipo teórico en xuño para recuperar o bloque ou bloques suspensos.

FRANCÉS

Instrumento de avaliación	Ponderación
Probas escritas: Todas as preguntas irán numeradas, e indicárase, se procede, a valoración de cada unha, o desconto por faltas de ortografía, o tempo para a realización da proba, etc...	60%
Expresión e comprensión oral: Valorárase a participación activa nos intercambios orais, a fluidez e corrección na comunicación oral, a interacción cos compañeiros, etc...	40%
Traballos feitos individualmente ou en grupo: Terase en conta a calidade dos traballos presentados, a entrega no prazo indicado, a coidada presentación dos textos escritos, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación, etc...	
Caderno de clase: no que aparecerán tódalas tarefas realizadas en clase debidamente corrixidas, as tarefas feitas na casa coa corrección correspondente, os apuntes de gramática, verbos, vocabulario, etc., tomados durante as clases, así como tódalas fotocopias distribuídas polo profesor.	
Actitude e comportamento: valorárase o esforzo e interese pola materia, a colaboración cos demais compañeiros, a atención en clase, o respecto as normas da clase, a realización das tarefas encomendadas, a capacidade do alumno para recompilar información, utilizar libros de consulta, resolver as súas propias dúbidas, etc...	

Considérase que o alumnado supera unha avaliación cando a nota final, unha vez aplicada a ponderación a cada instrumento de avaliación, alcanza un 5. Poderanse realizar ao longo do curso probas escritas específicas para superar unha determinada avaliación. Superarase a materia cando a media aritmética das cualificación finais de cada avaliacións sexa como mínimo un 5.

INGLÉS

Sistemas de Cualificación:

Probas escritas: Todas as preguntas ou problemas irán numerados, e indicarse, se procede, a valoración de cada un. Nas redaccións e exercicios de expresión escrita a valoración realizarase por medio dunha rúbrica. **50%**

O exame de verbos irregulares suporá un 10% e o outro exame un 40% en cada avaliación.

Traballos escritos: Todas as mostras de traballos escritos recollidas ao longo do trimestre: redaccións, proxectos elaborados, etc. **20%**

Valorarase a presentación, calidade e orixinalidade.

Actividades orais: Todas as intervencións orais realizadas ao longo do trimestre: exposicións orais, intervencións en diálogos, proxectos, etc. **20%**

Valorarase a interacción cos compañeiros.

Lectura de libros graduados: Avaliaranse a través dun traballo ou proba escrita. **10%** De non esixirse por criterio da profesora ou por NEE do alumnado, este 10% revertirá no apartado de traballos escritos, que se valorará un 30% do total da cualificación.

Ningún dos catro apartados anteriores poderá obter unha cualificación inferior a un 2 a fin de que a avaliación poida considerarse aprobada. De non alcanzarse esta nota nalgún dos catro apartados anteriores, a cualificación da avaliación figurará como INSUFICIENTE, independentemente da media obtida.

No cálculo da cualificación da avaliación final, a cualificación da primeira avaliación suporá un 20%, un 30% a da segunda e un 50% a da terceira.

INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

Sistemas de Cualificación

Test escrito:

Na primeira avaliación este test abordará os contidos teóricos do programa: **20%**

Só na primeira avaliación.

Búsqueda de documentos e elaboración dunha bibliografía. 10% Só na primeira avaliación.

Traballo: A man na primeira avaliación, a procesador de textos na segunda e unha presentación con apoio dixital na terceira.

- **70%** Na primeira avaliación
- **100%** Na segunda e terceira avaliación.

No cálculo da cualificación da avaliación final farase a media aritmética das tres avaliacións realizadas.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA:

Sistemas de Cualificación

Instrumento de avaliación	Ponderación
Probas escritas teórico-prácticas (parciais e/ou totais). Realizaranse dúas polo menos en cada trimestre. Deberá acadarse unha nota mínima de catro entre todas as probas de cada avaliación para achegarse as demais cualificacións.	60% da nota da avaliación
Proba específica de control de comprensión lectora , oral e escrita, así como de expresión que se realizará en cada avaliación. Estas probas serán avaliadas como Apto ou Non Apto . A superación destes exames será requisito indispensable para que o alumno poida optar ao aprobado na materia. Nelas exporanse preguntas sobre a obra lida e deberase localizar polo menos un fragmento extraído do conxunto do libro elixido. En caso de ter que se presentar á proba extraordinaria de setembro, se este alumnado tivese unha ou varias das lecturas suspensas non terá que realizar ningún exame para recuperalas.	10% da nota da avaliación
Proxectos , presentacións ou pequenos traballos de investigación, realizados tanto de maneira individual como en grupo.	10% da nota da avaliación
A realización correcta e constante das actividades enviadas para casa . Non se valorará en ningunha avaliación aqueles casos nos que non se chegue a realizar polo menos o 80% do total de tarefas incluídas neste apartado.	10% da nota da avaliación
A realización correcta e constante das actividades realizadas na aula así como a participación activa nas explicacións ou actividades que se desenvolvan, a corrección no emprego da comunicación oral.	10% da nota da avaliación

Cráterios ortográficos de cualificación de exames, traballos ou exercicios escritos

Ademais de cualificar as probas de acordo co contido, valorarase a capacidade de redacción, manifestada mediante a expresión ordenada de ideas, o correcto engarce sintáctico, a riqueza léxica e a matización expresiva. A ortografía será xulgada na súa totalidade -letras, acentos e signos de puntuación- e valorada da seguinte forma:

- Cada falta de ortografía será penalizada con 0,25 puntos.
- Cada cinco acentos descontarase 0.25 sobre a nota final.

Considérase que o alumnado supera unha avaliación cando a nota final, unha vez aplicada a ponderación a cada instrumento de avaliación alcanza un 5. Ao tratarse de avaliación continua, a obtención desta cualificación na terceira avaliación, con independencia das notas conseguidas nos trimestres anteriores, significará a superación do curso.

LINGUA GALEGA E LITERATURA:

A ponderación dos instrumentos de avaliación realizarase normalmente do seguinte xeito:

Probas escritas (CCL, CAA, CCEC): 70%	Traballos (CCL) en relación con outras competencias*: 20%	Actitude e traballo na aula (CCL) en relación con outras competencias: 10%
<ul style="list-style-type: none">Realizaranse dous exames por trimestre onde os estudantes deben demostrar os coñecementos e capacidades, así como os seus recursos expresivos.Nas probas concretas escritas, indicarse a cualificación numérica de cada cuestión.	<ul style="list-style-type: none">Lecturas obrigatorias (CCEC).Traballo na clase e/ou na casa e rexistrado no caderno (CAA, CSIEE).Comentarios de textos literarios e/ou lingüísticos e textos de creación persoal (CAA, CCEC).Traballos de investigación individuais ou en grupo (CAA, CCEC, CD, CMCCT, CSIEE).Exposicións orais. dramatizacións, recitados...	<ul style="list-style-type: none">Participación activa no traballo desenvolvido na aula (CAA, CSC).Respecto ás normas e ao traballo en equipo (CSC).Uso correcto do material (CSC).

Dentro do 10% da puntuación na actitude e observación do traballo na aula, tamén se terán en conta:

- O esforzo habitual no desenvolvemento das tarefas.
- O progreso e mellora no seu proceso de aprendizaxe.
- O interese e eficacia na autocorrección das tarefas.
- Unha actitude colaboradora e respectuosa no traballo en equipo.
- A contribución á convivencia.
- O respecto ás quendas de palabra, ás opinións diferentes e á diversidade lingüística e cultural.

O alumno/a que ao acabar o curso teña de nota media na materia entre 10-5 puntos promociona ao curso seguinte. Teranse en conta os criterios de cualificación explicados anteriormente. Á hora de avaliar, sopesaranse todos os contidos e terase en conta que a nosa materia é considerada como materia con contidos progresivos, polo tanto valorase a evolución positiva e global do alumnado.

MATEMÁTICAS:

Sistemas de Cualificación	
Probas escritas: Todas as preguntas ou problemas irán numerados, e indicarse, se procede, a valoración de cada un, o tempo para a realización da proba, etc... Probas orais: Terase en conta a capacidade discursiva, o rigor científico, a linguaxe utilizada, etc...	80%
Traballos feitos individualmente: Terase en conta a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a participación no grupo, a capacidade discursiva da exposición, etc... Traballos feitos en grupo: Valorarase a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a participación no grupo, a capacidade discursiva da exposición, etc...gor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese, a capacidade crítica, etc...	10%
Traballo na aula: Terase en conta a realización dos “deberes”, a presentación do caderno de clase, as preguntas que se formulan, o respecto ás normas da clases, a curiosidade e interese pola materia, a creatividade e investigación persoal, etc...	10%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, PROMOCIÓN RECUPERACIÓN E TITULACIÓN

1ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous exames escritos como mínimo que incluírán toda a materia dada desde o comezo do curso hasta o momento do exame. Ou se o profesor considera mellor repartir a materia en dous ou máis exames por as características dos seus alumnos/as a nota dos exames será a media aritmética das notas acadadas

2ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous exames mínimo que terán o mesmo peso e incluírán os seguintes contidos:

- Primeiro exame: A materia dada da segunda avaliación hasta o momento do exame
- Segundo exame: Toda a materia dada na segunda avaliación. Ou se o profesor considera que por as características dos seus alumnos debe repartir a materia de outra forma a nota será a media dos exames feitos polo alumno/a

3ª AVALIACIÓN: Realizaranse dous ou máis exames que terán o mesmo peso e incluírán os seguintes contidos:

- Primeiro exame: materia dada da terceira hasta ese momento.
- Segundo exame: materia dada da terceira hasta ese momento. Ou a que o profesor considere
- Na terceira avaliación o final realizarase un terceiro exame que será a recuperación de avaliacións que o alumno non teña recuperado o longo do curso

A nota da terceira avaliación coincida coa final e será a media aritmética da nota das tres avaliacións

A nota de cada avaliación ordinaria estará constituída nun **80%** pola cualificación obtida polos correspondentes exames xa mencionados, e nun **20%** polas anotacións que o profesor teña en cada período relativas a:

1. Probas de control, orais ou escritas sobre cuestión teóricas e exercicios prácticos propostos aos alumnos sen previo aviso e referidas á lección en curso ou á lección inmediatamente anterior á data en que a proba teña lugar.
2. Preguntas na clase que servirán para valorar os coñecementos teórico-prácticos acadados polo alumno e o emprego adecuado da ferramenta matemática, así como o rigor no razoamento e a linguaxe utilizada.
3. Traballos voluntarios realizados polos alumnos a proposta do profesorado.
4. Actividades ou tarefas que deberán ser realizadas en colaboración con outros compañeiros da clase
5. Para superar unha avaliación, a cualificación numérica da mesma debe ser de cinco ou máis puntos sobre dez.
6. En todas as avaliación, a nota será truncada á súa parte enteira (sen decimais)

A **nota final** do curso calcularase do seguinte modo:

$$Nota_{final} = \frac{Nota_{1ª} + Nota_{2ª} + Nota_{3ª}}{3}$$

- Esta nota final será truncada á súa parte enteira
- Se a **Nota_{final}** é inferior a 5, este ten a materia suspensa na convocatoria ordinaria e deberá presentarse á proba extraordinaria de setembro.

ADVERTENCIAS: As reiteradas e inustificadas faltas de asistencia a clase serán tidas en conta negativamente á hora de facer o redondeo da nota de cada avaliación e da nota final do curso .

A non participación na clase (negativa a saír o Taboleiro , negativa a realizar os exercicios, malas contestacións cando se lles intenta axudar, exames en branco consideraranse abandono da materia ...)

MÚSICA:

Sistemas de Cualificación

Instrumentos de avaliación	Ponderación
Probas escritas: exame teórico cada trimestre.	40%
Probas prácticas: interpretación rítmico-musical, expresión corporal e movemento.	40%
Observación na aula: actitude cara a materia, comportamento, cooperación, coidado dos materiais.	20%

A nota de cada avaliación será a media aritmética das notas obtidas en cada unha de esas tres partes. En cada parte o alumno deberá obter unha nota mínima de 5 puntos para poder optar á nota media. Considérase que o alumnado supera unha avaliación cando a nota final alcanza un 5. Si o alumno non supera unha avaliación, poderá recuperala no trimestre seguinte a través das probas correspondentes a esa parte. Superarase a materia cando a media aritmética das cualificacións finais de cada avaliación sexa como mínimo un 5.

O alumnado que non supere todas as avaliacións en xuño deberá presentarse en setembro coa materia completa do curso.

RELIXIÓN:

Sistemas de Cualificación

Traballo individual:	40%
Traballo diario na aula e fóra dela (caderno, traballos...):	10%
Probas escritas:	20%
Traballos en grupo: Participación na aula, actitude, comportamento, respecto...	30%

TECNOLOXÍA:

Instrumento de avaliación	Ponderación
Probas escritas: Todas as preguntas ou problemas irán numeradas e indicarse, se procede, a valoración de cada un, o desconto por falta de ortografía, o tempo para a realización da proba, etc...	40%
Probas prácticas: Valorarase o manexo do ordenador e os programas que forman parte do currículo, o manexo das ferramentas e materiais do taller, o respecto das normas de seguridade, etc...	
Probas orais: Terase en conta a capacidade discursiva, o rigor científico e a linguaxe utilizada, etc...	
Traballos feitos individualmente: Terase en conta a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese e a capacidade crítica, etc...	40%
Traballos feitos en grupo: Valorarase a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a participación no grupo, a capacidade discursiva da exposición, etc...	
Traballo na aula: Terase en conta a realización dos "deboreiros", a presentación do caderno de clase, as preguntas que se formulan respecto ás normas da clases, a curiosidade e interese pola materia, a creatividade e investigación persoal, etc...	20%

A nota da avaliación obtense mediante a seguinte fórmula:

$NOTA = 0,4 \times P + 0,4 \times T + 0,2 \times A$	<ul style="list-style-type: none"> ▪ P: Nota media das probas escritas, prácticas e orais. ▪ T: Nota media dos traballos realizados, individualmente como en grupo. ▪ A: Nota do traballo na aula.
---	---

No caso de que nunha avaliación non se realizara ningún traballo (individual ou en grupo) aplicaríase ás probas realizadas (escritas, prácticas ou orais) unha ponderación do 80%, e viceversa, polo que a nota calcularíase da seguinte maneira:

$NOTA = 0,8 \times PT + 0,2 \times A$	<ul style="list-style-type: none"> ▪ P: Nota media das probas escritas, prácticas e orais ou traballos. ▪ A: Nota do traballo na aula.
---------------------------------------	--

Considérase que o alumnado supera unha avaliación cando a nota final, unha vez aplicada a ponderación a cada instrumento de avaliación, alcanza un 5.

Ademais para poder facer a nota media da materia será necesario ter como mínimo 3,5 puntos sobre 10 en cada parte dos instrumentos de avaliación.

É requisito para aprobar a entrega dos traballos prácticos realizados en tempo e forma.

Realízanse ao longo do curso probas escritas específicas para superar unha determinada avaliación non aprobada e, de ser necesario, tamén unha recuperación a final de curso.

Superarase a materia cando a media aritmética das cualificacións finais de cada avaliación sexa como mínimo un 5, podendo facer a nota media con algunha avaliación non superada cando a súa nota sexa igual a 4.

TIC

Instrumento de avaliación	Ponderación
Probas escritas: Todas as preguntas ou problemas irán numerados, e indicarse, se procede, a valoración de cada un, o desconto por faltas de ortografía, o tempo para a realización da proba, etc...	40%
Probas prácticas: Valorarase o manexo do ordenador e os programas que forman parte do currículo, o manexo das ferramentas e materiais no taller, o respecto das normas de seguridade, etc...	
Probas orais: Terase en conta a capacidade discursiva, o rigor científico, a linguaxe utilizada, etc...	
Traballos feitos individualmente: Terase en conta a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese, a capacidade crítica, etc...	40%
Traballos feitos en grupo: Valorarase a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a participación no grupo, a capacidade discursiva da exposición, etc...	
Traballo na aula: Terase en conta a realización dos “deberes”, a presentación do caderno de clase, as preguntas que se formulan, o respecto ás normas da clases, a curiosidade e interese pola materia, a creatividade e investigación persoal, etc...	20%

A nota da avaliación obterase mediante a seguinte fórmula:

$NOTA = 0,4 \times P + 0,4 \times T + 0,2 \times A$	<ul style="list-style-type: none">▪ P: Nota media das probas escritas, prácticas e orais.▪ T: Nota media dos traballos realizados, tanto individualmente como en grupo.▪ A: Nota do traballo na aula.
---	---

No caso de que nunha avaliación non se realizara ningún traballo (individual ou en grupo) aplicaríase ás probas realizadas (escritas, prácticas ou orais) unha ponderación do 80%, e viceversa, polo que a nota calcularíase da seguinte maneira:

$NOTA = 0,8 \times PT + 0,2 \times A$	<ul style="list-style-type: none">▪ P: Nota media das probas escritas, prácticas e orais ou traballos.▪ A: Nota do traballo na aula.
---------------------------------------	---

Considérase que o alumnado supera unha avaliación cando a nota final, unha vez aplicada a ponderación a cada instrumento de avaliación, alcanza un 5.

Ademais para poder facer a nota media da materia será necesario ter como mínimo 3,5 puntos sobre 10 en cada parte dos instrumentos de avaliación.

É requisito para aprobar a entrega dos traballos prácticos realizados en tempo e forma.

Realizaranse ao longo do curso probas escritas específicas para superar unha determinada avaliación non aprobada e, de ser necesario, tamén unha recuperación a final de curso.

Superarase a materia cando a media aritmética das cualificacións finais de cada avaliación sexa como mínimo un 5, podendo facer a nota media con algunha avaliación non superada cando a súa nota sexa igual a 4.

VALORES ÉTICOS:

Instrumento de avaliación	Ponderación
Probas prácticas: Valorarase o manexo do ordenador e os programas que forman parte do currículo, o manexo das ferramentas e materiais no taller, o respecto das normas de seguridade, etc...	30%
Probas orais: Terase en conta a capacidade discursiva, o rigor científico, a linguaxe utilizada, etc...	
Traballos feitos individualmente: Terase en conta a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese, a capacidade crítica, etc...	30%
Traballos feitos en grupo: Valorarase a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a participación no grupo, a capacidade discursiva da exposición, etc...	
Traballo na aula: Terase en conta a realización dos traballos esixidos, o respecto ás normas da clase, a curiosidade e interese pola materia, a creatividade e investigación persoal, etc...	40%

Considérase que o alumnado supera unha avaliación cando a nota final alcanza un 5. Poderanse realizar ao longo do curso probas escritas específicas para superar unha determinada avaliación. Superarase a materia cando a media aritmética das cualificación finais de cada avaliacións sexa como mínimo un 5.

XEOGRAFÍA E HISTORIA:

Instrumentos de avaliación e criterios de corrección

Realizaranse, polo menos dúas probas escritas de control de coñecementos por trimestre. O valor destas probas será entre o 70% e o 80% da nota final, mentres que os procedementos, actitudes, comportamento e disposición conformarán o 20% restante. Nesta última valoración inclúese a participación, a realización de tarefas e exercicios, traballos, etc.

Para acadar o aprobado na cualificación final farase a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando en cada unha delas teña acadado un 5, ou ben, que ao longo do curso o alumnado amose un progreso académico conforme a avaliación continua.

INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRESARIAL

Instrumentos de evaluación y criterios de calificación

El instrumento de evaluación será el examen escrito, que incluirá cuestiones que permitan ver el dominio que el alumno tiene de la materia. El examen se calificará en conjunto (hasta un máximo de 10 puntos), ya que errores graves implicarán el suspenso automáticamente. Se necesitará al menos un 5 para aprobar.

Como mínimo se hará un examen por cada evaluación con su correspondiente examen de recuperación. El examen de recuperación se calificará como no recuperado o recuperado(5)

En el caso de que sea necesario la realización de prueba extraordinaria, dicha prueba será SIEMPRE de la totalidad de los contenidos de la asignatura. No pudiendo ser esta prueba, en ningún caso, una prueba parcial de evaluaciones sueltas.

EXPRESIÓN PLÁSTICA E VISUAL

InstrumentoS de avaliación	Ponderación
Probas escritas	60%
Probas prácticas: Valorarase o manexo do ordenador e os programas que forman parte do currículo,	
Traballos feitos individualmente: Terase en conta a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese, a capacidade crítica, etc...	40%
Traballos feitos en grupo: Valorarase a calidade dos proxectos, a entrega no prazo indicado, a participación no grupo, a capacidade discursiva da exposición, etc...	
Traballo na aula: Terase en conta a realización dos “deberes”, a presentación do caderno de clase, as preguntas que se formulan, o respecto as normas da clases, a curiosidade e interese pola materia, a creatividade e investigación persoal, etc...	

A nota da avaliación obtérase mediante a seguinte fórmula:

$NOTA = 0,6 \times P + 0,4 \times T$	<ul style="list-style-type: none">▪ P: Nota media das probas escritas,▪ T: Nota do traballo na aula.
--------------------------------------	---

Considerase que o alumnado supera unha avaliación cando a nota final, unha vez aplicada a ponderación a cada instrumento de avaliación, alcanza un 5. Poderanse realizar ao longo do curso probas escritas específicas para superar unha determinada avaliación. Superarase a materia cando a media aritmética das cualificacións finais de cada avaliación sexa como mínimo un 5.

OS ALUMNOS QUE ENTREGUEN O 75% DOS TRABALLOS PRÁCTICOS OBTÉRÁN AUTOMATICAMENTE O APROBADO NA AVALIACIÓN SI LOGRAN UN 5 EN CADA UN DELES.